



Partindo das inxentes posibilidades da IA, R desenvolve un segundo obradoiro dixital sobre a xestión e explotación dos datos corporativos

Intelixencia Artificial para explotar os datos de xeito seguro e optimizar o seu rendemento na empresa

- ***No obradoiro dixital desta mañá, os responsables do proxecto BAI ANALYTICS (equipo experto en IA de R) debuxaron as claves para rendibilizar o esforzo previo de conseguir e gobernar os datos corporativos.***
- ***O científico de datos Ignacio Vilaplana destacou, ante un auditorio de preto de 180 profesionais e altos cargos de empresa, que “o desenvolvemento dos modelos de IA está a facerse cada vez máis popular, mais a súa integración e seguimento seguen a supor un reto para moitas empresas”.***
- ***Pola súa banda, Miquel Gil, responsable comercial de IA de R, incidiu en que “afortunadamente xa existen plataformas que nos permiten desenvolver este obradoiro, onde analizamos o valor do dato, sen necesidade de coñecementos profundos de matemáticas ou programación”.***
- ***Este encontro virtual é a segunda parte dun mini-ciclo de obradoiros dixitais de R que comezou hai un mes con outra sesión sobre a xestión dos datos corporativos e a súa importancia nos procesos de dixitalización das empresas.***
- ***A xornada, eminentemente práctica e interactiva cos/coas asistentes, desenvolveuse no edificio virtual de R e do Grupo Euskaltel, “The Tech Experience”, lugar de encontro e reflexión, da man de expertos, sobre tendencias tecnolóxicas e oportunidades para os negocios.***
- ***R continúa acompañando as empresas galegas nos seus procesos de dixitalización para que sigan sendo competitivas a todos os niveis e en calquera escenario do mundo.***

Venres, 21 de maio de 2021.- Co título “Explotación dos datos corporativos mediante IA” déuselle continuidade esta mañá no obradoiro dixital de **R** ao encontro de hai un mes sobre o goberno do dato. Complétase, así, esta mini-serie de eventos dixitais interactivos de **R** para avanzar e profundar máis nas claves da xestión e explotación do dato, ineludibles nos procesos de dixitalización das empresas.

No obradoiro de hoxe participaron as dúas persoas que pilotan BAI ANALYTICS, o proxecto de Intelixencia Artificial de **R**. O seu responsable, o científico de datos Ignacio Vilaplana, clarificou o papel transcendental da IA para asegurar a explotación dos datos da empresa e para extraerlle o máximo rendemento a toda esa información, moitas veces sensible e de difícil obtención para as propias organizacións. Vilaplana explicou que *“...unha vez administrados e combinados os datos de xeito seguro e eficiente, poderemos tomar decisións baseadas neles. Só esa capa de datos dispoñibles, gobernados e de calidade, pode utilizarse para realizar modelos predictivos de IA que respondan as preguntas fundamentais do noso negocio e nos permitan ser máis eficientes. Por iso, os modelos deben ser, sobre todo, moi precisos, e as súas predicións, coñecidas e controladas; estes modelos en produción tamén deben ser controlados para saber como se están a usar e que resultados están a ofrecer”*.

Do algoritmo ao ‘readestramento’

Para abordar a explotación dos datos e aproveitar ao máximo o esforzo que supón conseguilos e xestionalos, os modelos de IA propoñen solucións que garanten a seguridade dos procesos e que optimizan, ao tempo, o seu impacto positivo nos negocios.

Os expertos en IA de **R** detivéronse esta mañá, especialmente, nas tres fases de explotación do dato:

_preparación do dato para IA: como pasar de xeito sinxelo e visual dun conxunto de datos repartidos en distintas orixes a algo que un algoritmo poida tratar.

_desenvolvemento de modelos ou ferramentas para a avaliación e selección dos modelos creados e para a toma de decisións sobre os limiares de actuación.

_goberno da IA. MLOps: Mantemento e gobernanza dos modelos despregados, cambios de patróns en datos e necesidades de "readestramento". Neste sentido, Ignacio Vilaplana subliñou que, por desgraza, *“segue sendo habitual ver como os modelos desenvolvidos e en produción quedan sen un seguimento axeitado, desfasados ou mesmo xerando predicións erróneas”*.

Miquel Gil, pola súa banda, explicou que *“a gobernanza adecuada dos modelos tamén nos axuda a reducir custos en recursos, xa que o ‘readestramento’ dos modelos con novos patróns de datos debe facerse unicamente cando sexa necesario, nin máis a miúdo nin menos; só no momento en que se precise”*.

En suma, o auditorio, composto por arredor de 180 profesionais e responsables de empresas, puido achegarse de primeira man ás ferramentas necesarias para preparar o dato de cara ao seu tratamento con IA e desenvolver modelos, controlalos para avaliar o seu comportamento e tomar decisións e mesmo modificar os patróns establecidos de partida “readestrando” eses métodos de explotación da información corporativa.

Empresas máis competitivas, empresas “data driven”

Igual que o encontro do pasado mes de abril sobre o goberno do dato, o obradoiro de hoxe aproximouse, tamén de xeito didáctico e práctico, aos fundamentos para converter as organizacións en empresas “**data driven**”, aquelas que adaptaron a súa cultura empresarial a unha contorna dixitalizada e utilizan os datos para mellorar o seu funcionamento.

Este modelo de empresa dixitalizada consegue, en primeiro termo, **aumentar a súa competitividade** e optimizar o proceso de toma de decisións. E para iso é preciso reorganizar os recursos tecnolóxicos co propósito de facelos realmente efectivos. Neste tipo de empresas, o **emprego eficiente dos datos** é o eixe de todos os seus procesos de traballo e toma de decisións. A información convértese no seu principal activo de valor e **xestionala eficazmente** é misión prioritaria. Grazas a iso, estas compañías adaptadas aos novos tempos poden actuar en tempo real.

Tamén en liña co obradoiro do mes pasado, e con outras xornadas desenvolvidas no edificio virtual de **R** e do Grupo, a de hoxe tivo igualmente un marcado carácter de interacción cos asistentes. O auditorio participou no edificio virtual de [The Tech Experience](#) -lugar de encontro e reflexión sobre tendencias tecnolóxicas e oportunidades para os negocios- expondo as súas dúbidas e inquedanzas durante o desenvolvemento do evento.

SUMARIOS

Ignacio Vilaplana

“A IA xa se vai implantando nas empresas; o reto está agora na súa integración e seguimento dentro das organizacións para evitar que os modelos queden desfasados ou se fagan predicións erróneas”

“Unicamente a capa de datos dispoñibles, gobernados e de calidade, pode utilizarse para realizar modelos predictivos de IA que respondan as preguntas fundamentais do noso negocio e nos permitan ser máis eficientes”

Miquel Gil

“Neste obradoiro podemos analizar a explotación dos datos na empresa sen necesidade de coñecementos de matemáticas nin de programación”

“A explotación adecuada do dato permitiranos reducir custos en recursos na empresa; aplícanse novos patróns só cando sexa estritamente necesario”